

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	GUITIRIZ
<b>Edificio</b>	Igrexa do Sagrado Corazón de María de Lagostelle
<b>Dirección</b>	Praza do Campo da Feira, 60. 27300
	43.182629 -7.894500
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Situada na Praza Sagrado Corazón de María, na capital do Concello. Foi construída entre os anos 1949-1968. O seu estilo é Neorrománico e foi mandada construír polo párroco de aquel entón Don Manuel Bande López.</p> <p>A construción desta igrexa obedece a unha situación moi concreta. Tras a Guerra Civil, permaneceron aloxados en Guitiriz, centenas de soldados e ademais íase construír un campo de aviación, polo que Guitiriz podía chegar a converterse nunha importante cidade entre Lugo e Coruña, e ante este incremento de poboación a “Igrexa Vella” quedaba pequena, polo que o Parroco considerou necesario levantar un novo Templo de grandes dimensións.</p> <p>Contan cá súa construción foi posible grazas ós donativos dos veciños, e dos visitantes ó Balneario.</p> <p>Esta igrexa imita ó estilo Románico, ten planta de Cruz Latina e na súa fachada podemos observar rascos característicos deste estilo como son, os arcos de medio punto con derrame externo e o rosetón, no que destaca a figura de San Xoán Bautista.</p> <p>A edificación fíxose con granito da canteira gutiricense, básicamente có material extraído da canteira de Mariz.</p> <p>Como curiosidade destacamos que a Casa Reitoral e o Salón Parroquial están adosados a igrexa.</p> <p>No atrio atópase un Busto na honra de Manuel Bande López, promotor da igrexa.</p>
<b>Campás</b>	1 campá.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	30-04-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Torre-campanario	<u>Única.</u>	<u>DE LA SOTA LÓPEZ, JUAN MARÍA</u>	1891		
------------------	---------------	-------------------------------------	------	--	--

Información completa: [Igrexa do Sagrado Corazón de María de Lagostelle - GUITIRIZ \(GALICIA\)](#)

PDF (20-05-2026)